

PROGRAMACIÓN
DIDÁCTICA DE
ECONOMÍA DA
EMPRESA

CURSO: 2º DE
BACHARELATO

IES XOÁN MONTES
DEPARTAMENTO DE ECONOMÍA
M^a BEATRIZ LÓPEZ SOTO

ÍNDICE

1.	INTRODUCCIÓN.	3
2.	OBXECTIVOS XERAIS DA ETAPA	4
3.	OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DA MATERIA	5
4.	CONTIDOS	6
	CONTIDOS COMÚNS	
	15 UNIDADES	
5.	TEMPORALIZACIÓN	10
6.	METODOLOXÍA	11
	CRITERIOS METODOLÓXICOS	
	METODOLOXÍA DOCENTE	
7.	MATERIAIS CURRICULARES E OUTROS RECURSOS DIDÁCTICOS	13
8.	AVALIACIÓN	16
	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	
	MÍNIMOS ESIXIBLES PARA UNHA AVALIACIÓN POSITIVA	
	PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN	
	Procedemento de avaliación ordinaria	
	Procedemento de avaliación extraordinaria	
	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	
9.	SISTEMAS DE CUALIFICACIÓN	24
	Programa de recuperación:	
a)	Da propia materia durante o curso	
b)	De materias pendentes doutros cursos	
10.	ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	26
	NIVEIS DE ACTUACIÓN NA ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	
11.	ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES	29
12.	TRATAMENTO DO FOMENTO DA LECTURA	30
13.	TRATAMENTO DO FOMENTO DAS TICs	30
14.	SISTEMA DE AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA E DA PRÁCTICA DOCENTE.	31

1. INTRODUCCIÓN

Economía da empresa é unha aproximación á realidade empresarial entendida desde un enfoque amplo, tanto por atender á comprensión dos mecanismos internos que a moven coma polas súas interrelacións coa sociedade. O mundo da empresa está presente a diario nos medios de comunicación, forma parte da vida de millóns de persoas e repercute en todos os fogares. Por outro lado, a empresa é unha entidade en constante transformación que se adapta aos sucesivos cambios sociais, tecnolóxicos, políticos etc., innovacións que, pola súa vez, xeran progresos sociais, pero tamén inconvenientes e incertezas que deben ser valoradas en cada caso.

A sociedade exige cada vez con máis forza das empresas que teñan actuacións respectuosas co medio natural, cos dereitos dos traballadores e traballadoras, coa seguranza e hixiene no traballo, coa libre competencia, que eviten a deficiente ou enganosa información en produtos etc. Ademais, preténdese inculcar a alumnos e alumnas unha actitude crítica sobre aspectos da realidade social e empresarial, tales como o consumismo exacerbado, a desigualdade na distribución das rendas, a degradación ambiental e o esgotamento dos recursos debido ao crecemento económico e mais o fenómeno da globalización.

Entender a lóxica das decisións empresariais cunha visión próxima e fundamentada, valorando as súas consecuencias desde un punto de vista social, ético e ambiental, fomentando o uso das tecnoloxías da información e da comunicación, constitúe o labor xeral desta materia.

Economía da empresa introduce o alumnado no ámbito con que se vai relacionar ao longo da súa vida. Os seus contidos enlazarán cos de diversas materias da educación secundaria.

Esta materia é un compendio de contidos relacionados coa xestión empresarial que inclúe múltiples aspectos procedentes de diversas áreas de coñecemento que parten da economía, pero que necesitan igualmente nocións de dereito, matemáticas, socioloxía, psicoloxía, tecnoloxía, teoría da información e comunicación.

Por outra banda, o alumnado, nun futuro máis ou menos próximo, pasará a formar parte dunha empresa, promovéndoa, ou do traballo asalariado, polo que coñecer o funcionamento do mundo empresarial en todos os seus ámbitos vaille facilitar a súa incorporación á vida laboral e servirlle para ser capaz de recoñecer todas as facetas do sistema en que se vai inserir.

2. OBXECTIVOS XERAIS DA ETAPA

O bacharelato forma parte da educación secundaria, na fase postobligatoria, e ten como finalidade proporcionarlle ao alumnado a formación, a madurez intelectual e humana, os coñecementos e habilidades que lle permitan desenvolver funcións sociais e incorporarse á vida activa con responsabilidade e competencia, así como capacitarse para o acceso á educación superior.

O bacharelato contribuirá a desenvolver nas alumnas e nos alumnos as capacidades que lles permitan:

- a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomenta a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.
- b) Consolidar unha madurez persoal e social que lles permita actuar de maneira responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades existentes e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas con discapacidade.
- d) Reforzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para aproveitar eficazmente as aprendizaxes e mais como medio para o desenvolvemento persoal.
- e) Dominar, tanto na expresión oral coma na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
- f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- g) Utilizar eficazmente e con responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
- h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de forma solidaria no desenvolvemento e mellora do seu contorno social.
- i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais e dominar as habilidades

básicas propias da modalidade de bacharelato elixida.

j) Comprender os elementos e procedementos fundamentais dos métodos científicos e da investigación.

Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto do medio natural e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.

k) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, autoconfianza e sentido crítico.

l) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o sentido estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.

m) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social e impulsar condutas e hábitos saudables.

n) Reforzar actitudes de respecto e de prevención no ámbito da seguridade viaria.

o) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

3. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DA MATERIA

A ensinanza da economía da empresa no bacharelato terá como finalidade o desenvolvemento das seguintes capacidades:

1. Analizar as características máis relevantes e o funcionamento económico global dos distintos tipos de empresa, identificando as súas funcións, obxectivos, organización, a investigación, o papel das innovacións tecnolóxicas e as principais normas xurídicas que as afectan.

2. Apreciar o papel das empresas na satisfacción das necesidades das persoas consumidoras e no aumento da calidade de vida e benestar da sociedade, así como elaborar xuízos ou criterios persoais sobre as súas disfuncións.

3. Valorar criticamente as posibles consecuencias sociais e ambientais da actividade empresarial, así coma a súa responsabilidade no esgotamento dos recursos naturais, sinalando a súa repercusión na

calidade de vida das persoas.

4. Identificar as consecuencias que, para as empresas e a sociedade, ten a globalización da economía e as posibles liñas de conduta que se deben adoptar fronte ao fenómeno, adquirindo conciencia das desigualdades e efectos que este xera.

5. Identificar os dereitos e obrigas das traballadoras e dos traballadores, valorando a necesidade que estes colectivos e a sociedade teñen de acadar un elevado grao de conciliación da vida laboral e familiar. A súa relación cos obxectivos empresariais.

6. Valorar a importancia da seguranza e hixiene no traballo e da prevención dos riscos laborais.

7. Analizar o funcionamento de organizacións e grupos en relación coa aparición e resolución de conflitos.

8. Analizar as distintas políticas de márketing que adoptan as empresas segundo os mercados a que se dirixen, valorando os límites éticos que as devanditas políticas deben considerar.

9. Establecer, de modo xeral, os datos máis relevantes da información contida nas contas anuais dunha empresa e interpretar a información transmitida.

10. Identificar as principais fontes de financiamento das empresas, analizando as diferentes opcións posibles.

11. Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación e mais outros medios, obter, seleccionar e comprender de maneira clara e coherente informacións sobre feitos relevantes do ámbito empresarial internacional, nacional e local e facer unha valoración crítica delas.

12. Amosar iniciativa, creatividade, autonomía persoal e participación activa no deseño, planificación e elaboración dun pequeno proxecto empresarial utilizando para a súa elaboración medios informáticos.

13. Analizar a actividade económica das empresas, en especial as galegas, a partir das súas áreas de organización, relacións internas e a súa dependencia externa. Valorar a importancia que para a economía galega teñen as pequenas e medianas empresas, así como as cooperativas, como xeradoras de emprego, innovación e como motores do desenvolvemento económico e social.

4. CONTIDOS

Contidos comúns.

-Recoñecemento da grande importancia do papel desempeñado polas empresas e polos empresarios no mundo actual. Aplicación á realidade galega.

-Asimilación da situación de cambio permanente que obriga a un continuo proceso de adaptación, que esixe o dinamismo do marco en que desenvolven a súa actuación as empresas e que presenta especial relevancia na formación profesional dos recursos humanos. Destacada referencia á denominada nova economía.

-Valoración da contradición entre as repercusións positivas e negativas da actividade económicoempresarial, especialmente no medio, no mundo do traballo, no consumo e na calidade de vida.

-Busca, selección, interpretación e comunicación de información procedente de diversas fontes, empregando un vocabulario técnico e diferentes tipos de soportes (tradicional e a través das tecnoloxías da información e da comunicación).

UNIDADE 1. A EMPRESA E O EMPRESARIO

A actividade económica

O empresario

Elementos da empresa

Obxectivos empresariais

Funcionamento da empresa

UNIDADE 2. ESTRATEXIA E DESENVOLVEMENTO EMPRESARIAL

A estratexia empresarial

As estratexias competitivas: a vantaxe competitiva e a creación de valor

O entorno da empresa

Estratexias de crecemento

Internacionalización: Multinacionais

As pequenas e medianas empresas (PEMES)

A empresa e as tecnoloxías da información e da comunicación (TIC)

UNIDADE 3. LEXISLACIÓN MERCANTIL E FISCAL

Lexislación mercantil

Legislación fiscal

UNIDADE 4. CLASIFICACIÓN DE EMPRESAS

Clases de empresas

Tipos de empresa segundo a súa forma xurídica

Sociedade mercantil

Sociedades mercantís especiais

UNIDADE 5. ÁREA COMERCIAL. O MARKETING

O departamento comercial

O mercado

Estudio de mercado

Comportamento do consumidor

A segmentación de mercados

Posicionamento de produto

O marketing e os seus elementos

O plan de marketing

Aplicación ao marketing das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC)

UNIDADE 6. ESTADOS FINANCEIROS DA EMPRESA

A información na empresa

O patrimonio da empresa

O Plan Xeral de Contabilidade

As contas anuais oficiais

UNIDADE 7. ANÁLISE DOS ESTADOS FINANCEIROS DA EMPRESA

Introdución á análise de estados contables

Análise patrimonial

Análise financeira

Análise económica

UNIDADE 8. ÁREA DE FINANCIAMENTO E INVESTIMENTO

Fontes de financiamento da empresa

Fontes de financiamento segundo a titularidade

Custo e selección da fonte de financiamento

O investimento. Concepto e tipos

Características dun investimento

Métodos de selección e valoración de investimentos

Os ciclos da empresa

Período medio de maduración

UNIDADE 9. ÁREA DE PRODUCCIÓN

Producción e proceso produtivo

A tecnoloxía e a innovación tecnolóxica (I+D+i)

A función de produción. Produtividade e eficiencia

Os custos da empresa

Limiar de rendibilidade ou punto morto

A xestión da produción

A calidade na empresa

A empresa e a protección do medio ambiente

UNIDADE 10. ÁREA DE APROVISIONAMENTO

A función de aprovisionamento

A xestión de inventarios

Valoración das existencias

UNIDADE 11. DIRECCIÓN E ORGANIZACIÓN DA EMPRESA

Proceso de administración. Concepto e fases

Función de planificación

Función de organización

Función de xestión

Función de control

UNIDADE 12. A XESTIÓN DOS RECURSOS HUMANOS

A xestión dos recursos humanos

Funcións da xestión dos recursos humanos

Xestión por competencias e intelixencia emocional

A motivación dos recursos humanos

UNIDADE 13. O PROXECTO EMPRESARIAL

A creación dunha empresa: o proxecto de iniciativa empresarial

O plan de empresa

A elección da forma xurídica

Trámites de constitución

5. TEMPORALIZACIÓN

O número de sesións semanais de 50 minutos que lle corresponde á materia en 2º curso de Bacharelato para desenvolver toda a programación prevista é de 4.

Hai que sinalar que a temporalización non é algo ríxido, senón que se irá adaptando en función do marco cronolóxico-temporal de cada avaliación así como dos acontecementos que vaian xurdindo: dificultades nalgún punto concreto, comentario de noticias relacionadas coa materia e que poidan resultar de interese para os alumnos, visitas culturais, excursións,... Tamén é posible que pola utilización doutros recursos, como por exemplo a participación nun concurso, algúns conceptos sexan vistos de maneira anticipada, ou non respecten totalmente, como parece lóxico, a cronoloxía que é preceptivo establecer. Por iso, de maneira orientativa plantéxase a seguinte distribución:

1ª Avaluación: Unidades 1, 2, 3 e 4.

2ª Avaluación: 5, 6, 7, 8 e 9.

3ª Avaluación: Unidades 10, 11, 12, 13.

6. METODOLOXÍA

No proceso de ensino-aprendizaxe xogan un papel importante tanto os criterios metodolóxicos, que guían a intervención educativa, como as medidas organizativas e estruturais que permiten a utilización adecuada dos recursos dos que dispón o centro.

Criterios metodolóxicos

As liñas metodolóxicas que deben orientar a intervención educativa pódense sintetizar e concretar da seguinte forma:

- a) Partirase dos intereses e capacidades do alumno/a, para construír a partir de aí, novas aprendizaxes que favorezan e melloren o seu rendemento.
- b) A metodoloxía favorecerá a capacidade dos alumnos para aprender por si mesmos e para traballar en equipo.
- c) A organización docente deberá atender ás necesidades, aptitudes e intereses que demanden os alumnos segundo váianse detectando no proceso de ensino-aprendizaxe.
- d) A agrupación de alumnos na aula poderá ser variable e flexible, en función das actividades que se vaian a realizar na aula, sen desprezar por iso o traballo persoal e individualizado.
- e) Darase prioridade á comprensión dos contidos fronte á aprendizaxe puramente mecánica ou memorística.
- f) Propiciaranse as oportunidades para que os alumnos poidan pór en práctica os novos coñecementos, de modo que poidan comprobar a utilidade do que aprenderon, e saiban aplicalo noutros contextos á súa vida cotiá.

g) A actividade educativa procurará dar unha formación personalizada, fomentará a participación dos alumnos, asegurará unha efectiva igualdade entre o alumnado, e promoverá a relación coa contorna.

h) Fomentárase, de acordo coas competencias, a reflexión persoal sobre o realizado e a elaboración de conclusións con respecto ao que se aprendeu; desta forma, os alumnos analizarán o seu progreso respecto dos seus coñecementos.

Metodoloxía docente

Toda intervención educativa ha de ter en conta os coñecementos previos dos alumnos e o seu interese por saber e aprender; só así, conseguiranse aprendizaxes funcionais, grazas aos cales poderán traducir os contidos á súa propia linguaxe, utilízalos noutras áreas e aproveitar o aprendido para seguir aprendendo: en definitiva, adquirir as competencias necesarias para completar esta nova etapa educativa.

Para desenvolver as capacidades e habilidades, a metodoloxía docente concretárase a través dos distintos tipos de actividades e dos diferentes xeitos de presentar os contidos en cada unidade didáctica. Consideramos que estes medios son o mellor elemento para despertar o interese sobre un tema, motivar, contextualizar un contido e transferir a súa aprendizaxe a outros ámbitos da súa vida cotiá.

O expresado anteriormente traducirase na aula desenvolvendo as unidades de acordo co seguinte esquema de traballo:

*Introdución á unidade de traballo co fin de motivar aos alumnos/as. Exposición por parte da profesora dos contidos que se van traballar, co fin de proporcionar unha visión global da unidade que axude aos alumnos a familiarizarse co tema que se vai a tratar.

*Análise dos coñecementos previos dos alumnos/as. A través dunha serie de preguntas iniciais en cada unidade, a profesora realizará unha avaliación preliminar dos coñecementos de partida dos alumnos. Deste xeito, o alumnado entrará en contacto co tema e a profesora identificará os coñecementos previos que posúe o grupo, co que poderá introducir as modificacións necesarias para atender as diferenzas e, sobre todo, para previlas.

*Exposición de contidos e desenvolvemento da unidade. A profesora desenvolverá os contidos esenciais da unidade didáctica, mantendo o interese e fomentando a participación do alumnado. Cando o estime oportuno, e en función dos intereses, demandas, necesidades e expectativas dos alumnos, poderá organizar o tratamento de determinados contidos de forma agrupada, ou

reestruturalos, de maneira que lles facilite a realización de aprendizaxes significativas.

*Traballo individual dos alumnos/as desenvolvendo as actividades propostas. Os alumnos realizarán distintos tipos de actividades, para asimilar e reforzar o aprendido. Estas actividades sucédense no desenvolvemento dos contidos, afianzando os conceptos principais e a xeneralización dos mesmos. Todo iso realizado baixo a supervisión persoal da profesora, que analizará as dificultades e orientará e proporcionará as axudas necesarias.

*Traballo en pequenos grupos para fomentar o traballo cooperativo. Os alumnos levarán a cabo actividades en pequenos grupos para desenvolver un traballo cooperativo que lles servirá tamén para mellorar a iniciativa e a investigación. A continuación, pódense comentar as liñas de investigación, as dificultades, os erros atopados, mediante unha discusión en clase moderada pola profesora e consistente nunha posta en común dos grupos. Con este tipo de actividades estaremos fomentando as competencias propias do Bacharelato.

*Variedade de instrumentos didácticos. A presenza de distintos formatos (libro do alumno, recursos dixitais, simuladores, novas de prensa, textos, cadros, gráficas, esquemas, etc.) no proceso de ensino-aprendizaxe contribúe a desenvolver as capacidades e as habilidades do alumnado, así como a enriquecer a súa experiencia de aprendizaxe e comprensión.

* Técnicas específicas da materia. Os proxectos e investigacións que se propoñan na aula servirán para presentar as distintas técnicas que se empregan no estudo da materia. Estas técnicas axudarán aos alumnos a experimentar e reflexionar sobre os diferentes tipos de métodos e instrumentos utilizados, non só nesta materia, senón tamén, noutros contextos nos que poida ser relevante o seu coñecemento e utilización.

*Resumo e síntese dos contidos da unidade. Ao finalizar cada lección intentarase vincular os contidos estudados na unidade, mediante un mapa conceptual, cos conceptos principais e a relación entre eles; desta forma, sintetizaranse as principais ideas expostas e repasarase o que os alumnos comprenderon.

7. MATERIAIS CURRICULARES E OUTROS RECURSOS DIDÁCTICOS

No proceso de ensino-aprendizaxe teranse en conta todas aquelas medidas que organicen e utilicen de xeito adecuado os recursos de que dispón o centro. Podemos destacar entre outras:

a) Desdoblamento ou agrupamentos do alumnado: proporcionarán un mellor aproveitamento das actividades propostas, constituíndo unha ferramenta útil para adecuar a metodoloxía ás necesidades dos alumnos. A materia que nos ocupa pode ser elixida como optativa no bacharelato de ciencias e tecnoloxía, e o alumnado que a escolle normalmente non ten cursada a materia de Economía de primeiro, co que parte dos contidos precisan dun proceso de aprendizaxe distinto. Tendo en conta a disponibilidad horaria do departamento haberá de estimarse a conveniencia de facer un grupo distinto co alumnado que non ten coñecementos previos da materia.

b) Organización de espazos e tempos: permitirá a interacción grupal e o contacto individual, propiciando actividades compartidas e autónomas, e favorecerá a exploración, o descubrimento e as actividades lúdicas e recreativas noutros espazos distintos da aula (biblioteca, sala de Informática, salón de actos, etc.).

En canto á distribución do tempo hai que ter en conta: 1) a elaboración dun horario xeral de acordo co desenvolvemento das materias, respectando as características madurativas dos alumnos, e 2) a confección dun horario docente coa flexibilidade necesaria para permitir as actividades de preparación dos recursos e actividades multimedia, coordinación, tutoría, orientación, reforzos educativos e apoio ao alumnado pendente, atención individualizada a pais, actividades formativas, etc.

c) Determinación de materiais curriculares e recursos didácticos: a través dunha serie de directrices xerais o equipo docente avaliará e seleccionará aqueles materiais e recursos que máis se adecúen ao seu modelo didáctico e á intervención educativa do centro.

En concreto, tendo en conta as posibilidades reais do centro, é aconsellable para conseguir un adecuado proceso de ensino-aprendizaxe que na clase, ou en cada clase de economía, haxa un máximo de 15 alumnos/as con posibilidade de acudir e utilizar con aproveitamento a aula de informática como mínimo nunha sesión cada semana, aínda que tamén se considera necesario que na aula de referencia haxa ordenador con conexión a internet así como outros medios audiovisuais como canón proxector onde se podan reproducir DVDs para a utilización do profesorado nas explicacións diarias.

Outros recursos didácticos que se consideran necesarios para o desenvolvemento desta programación son os seguintes:

Recursos orais:

Explicación do docente.

Debates, comentarios e análise de información e noticias.

Técnicas de dinámicas de grupos.

Recursos e materiais escritos:

Economía de la empresa 2. Editorial Mc Graw Hill

Outros manuais: Economía de la empresa 2. Editorial Ecir, Economía da empresa 2 Editorial Bahía, e doutras editoriais (SM, Rodeira...)

Revistas especializadas: Emprendedores, Capital...

Textos legais (Estatuto dos traballadores, Constitución,...)

Prensa: “La Voz de Galicia” e outros xornais como El Mundo, El País... ademais de económicos como Expansión, Cinco Días,...

Libros de lectura:

Cómics “La empresa en 1/2 hora”, “ Finanzas en 1/2 hora” de José Sande.

Outros libros, ben da biblioteca, suxeridos polo alumnado, ou que xurdan polo seu interese (na aula virtual colgaranse lecturas así como outros manuais complementarios).

Outros recursos:

Para cada alumno ou alumna, ordenador con conexión a internet e programas como procesador de texto e de presentacións para a utilización periódica.

Aula virtual co entorno moodle accesible desde a páxina web do instituto.

Participación na páxina web do centro publicando artigos ou traballos, así como na aula virtual antes mencionada.

Xogos de simulación empresarial.

Documentais ou películas de interese.

CDs e memorias USB con documentación variada ou programas utilizables.

Concursos e programas como *Young Business Talents* (simulador empresarial), o *Mellor Xornalista Xuvenil* (de La Voz de Galicia), e/ou calquera outros nos que o alumnado estea interesado en participar e teña algunha relación coa materia.

8. AVALIACIÓN

CRITERIOS DE AVALIACIÓN.

1. Coñecer e interpretar os diversos elementos da empresa, as súas áreas de actividade, os seus tipos, funcións e interrelacións valorando a achega de cada un deles segundo o tipo de empresa.

Trátase de comprobar que o alumnado adquiriu unha visión global da empresa; que sabe diferenciar os diferentes elementos que a compoñen (grupo humano, patrimonio, ámbito e organización); que coñece as súas áreas de actividade e a existencia de elementos diferentes en función da empresa de que se trate. Tamén se comprobará a capacidade de analizar as relacións mutuas entre a empresa e o exterior.

2. Identificar as principais normas mercantís, laborais e fiscais que regulan as actividades empresariais.

Describir as principais formas xurídicas da empresa, explicando e entendendo os trazos principais de cada unha delas.

Con este criterio preténdese comprobar que o alumnado coñece dunha maneira xeral as principais normas mercantís, laborais e fiscais que regulan as actividades empresariais, ademais de comprobar se o alumnado é quen de facer cadros sinópticos e esquemas claros das formas xurídicas máis importantes.

3. Identificar os trazos principais do sector e do contorno en que a empresa desenvolve a súa actividade e explicar, a partir deles, as distintas estratexias, decisións adoptadas e as posibles implicacións sociais e ambientais das súas decisións.

Búscase comprobar se o alumnado comprende as relacións de interdependencia existentes entre a empresa e o seu contorno; búscase tamén comprobar se sabe diferenciar as implicacións, tanto positivas coma negativas, que supoñen as decisións empresariais, especialmente nos ámbitos social e ambiental.

4. Analizar a situación das empresas multinacionais e das PEME, no marco do fenómeno da globalización, identificando os aspectos positivos e negativos que o citado fenómeno presenta. Valorar a importancia das cooperativas como impulsoras do desenvolvemento económico e social de Galicia.

Trátase de valorar a capacidade do alumno/a para describir as características actuais das empresas multinacionais e das PEME e para analizar as vantaxes e inconvenientes de que goza cada unha delas nun mercado cada vez máis condicionado polo fenómeno da globalización. Farase a partir de exemplos da realidade galega actual. Tamén se busca que comprenda a importancia do fenómeno cooperativo para a economía e para a sociedade galegas.

5. Describir a organización dunha empresa e as súas posibles modificacións e melloras en función do ámbito en que desenvolve a súa actividade. Valorar a importancia para as empresas de contar cun sistema organizativo eficiente, como os sistemas de xestión da calidade.

Este criterio pretende comprobar se se sabe interpretar a organización formal e informal dunha empresa e detectar e propoñer solucións a disfuncións ou problemas que impidan un funcionamento eficiente na organización empresarial. Ademais, preténdese que o alumnado identifique os sistemas de xestión da calidade como sistemas de mellora continua na empresa.

6. Describir as técnicas básicas para a xestión dos recursos humanos, identificando os dereitos e deberes máis importantes que as traballadoras e os traballadores teñen derivados da súa relación laboral, con especial atención aos referidos á conciliación da vida laboral e familiar. Valorar a importancia que teñen a seguranza e a hixiene no traballo, ademais da prevención dos riscos laborais.

Este criterio busca que o alumnado recoñeza a relevancia dos recursos humanos como variable que contribúe de maneira especial ao logro da eficiencia organizativa. Tamén busca o recoñecemento de

cómo o respecto aos dereitos, á seguranza dos traballadores/ as e á conciliación da súa vida laboral e familiar reduce a conflictividade e incide de maneira directa no bo funcionamento da empresa.

7. Coñecer o funcionamento da área de produción dunha empresa e recoñecer a importancia da aplicación das novas tecnoloxías na mellora da produtividade.

Valorar a importancia da investigación, o desenvolvemento e a innovación como garantes da supervivencia e de crecemento das empresas. Trátase de comprobar se o alumnado coñece as tarefas fundamentais da función produtiva da empresa e se é quen de calcular a produtividade. Igualmente preténdese constatar que recoñece o papel das novas tecnoloxías, así como do investimento en investigación, desenvolvemento e innovación, no aumento da competitividade da empresa e na mellora da calidade dos seus produtos.

8. Coñecer os principais sistemas de valoración e xestión dos inventarios. Valorar a súa importancia na contribución aos resultados da empresa.

Búscase que o alumnado valore a importancia e a necesidade dunha correcta xestión dos inventarios e que coñeza os custos asociados a eles. Preténdese que coñeza os principais sistemas de valoración de inventarios (FIFO, LIFO, PMP) e da súa xestión; e que determine, para casos sinxelos, o nivel de pedido óptimo.

9. Determinar, para un caso sinxelo, a estrutura de ingresos e de custos dunha empresa, calcular o seu beneficio e limiar de rendibilidade.

Preténdese valorar se os alumnos adquiriron a capacidade de diferenciar e estruturar os ingresos e custos xerais dunha empresa, determinando o beneficio ou perda xerado, así como o limiar de produción e vendas necesario para a xeración de beneficios e a súa supervivencia.

10. Analizar as características dos mercados utilizando técnicas de investigación e segmentación destes. Explicar, de acordo con elas, as diferentes políticas comerciais que se poden aplicar. Preténdese avaliar se o alumnado sabe caracterizar un mercado en función do número de competidores, do produto vendido, das características das persoas destinatarias etc.; que coñeza e entenda a finalidade e os elementos básicos das investigacións de mercados e das diferentes estratexias de márketing.

11. Recoñecer os datos máis relevantes do balance e da conta de perdas e ganancias, explicar o seu significado, diagnosticar a súa situación a partir da información obtida e propoñer medidas para a súa mellora.

Preténdese comprobar que as alumnas e os alumnos saiban recoñecer os diferentes elementos destes documentos e o seu significado na empresa. Tamén se pretende valorar se son capaces de analizar a situación patrimonial, financeira e económica nun caso sinxelo, detectando desequilibrios e proponiendo medidas correctoras destes.

12. Buscar, analizar e interpretar información procedente do ámbito empresarial local, galego, español ou internacional, utilizando os recursos materiais adecuados e as tecnoloxías da información e da comunicación.

Trátase de comprobar se o alumnado é capaz de distinguir e analizar información significativa referida ao mundo empresarial e se é capaz de relacionala cos contidos estudados na materia. Trátase tamén de comprobar que é quen de buscar información do ámbito empresarial, utilizando as novas tecnoloxías da información e da comunicación, especialmente a internet.

13. Describir as posibles fontes de financiamento a que ten acceso unha empresa e, a través dun suposto sinxelo, razoar a elección máis axeitada. A finalidade deste criterio é comprobar a capacidade de valorar as necesidades de financiamento básicas dunha empresa, así como coñecer e clasificar as diferentes fontes de financiamento. Tamén trata de valorar a capacidade de propoñer razoadamente as opcións financeiras que mellor se adaptan a un caso concreto, relacionando o financiamento co investimento.

14. Valorar distintos proxectos de investimento sinxelos que pode acometer unha empresa e seleccionar, xustificando a decisión, cal resulta a alternativa máis vantaxosa. Valorar tamén a importancia e a necesidade da realizar unha planificación e un posterior control de calquera proxecto que se leve adiante nunha empresa.

Preténdese comprobar a capacidade para utilizar métodos diversos de selección de investimentos, co obxectivo de resolver casos básicos. Tamén se busca que o alumnado recoñeza a importancia da planificación e do control de calquera proxecto que a empresa pretenda iniciar.

15. Diseñar, planificar e valorar un proxecto empresarial simple, con actitude emprendedora e creatividade, avaliando a súa viabilidade.

Con este criterio preténdese valorar se o alumnado é capaz de aplicar con creatividade os contidos da materia a un sinxelo proxecto empresarial froito da xeración e maduración dunha idea de negocio por parte do alumnado, valorando as súas dificultades, debilidades e oportunidades. Valorarase igualmente a disposición para o traballo en equipo, a creatividade e a planificación e organización.

MÍNIMOS ESIXIBLES PARA UNHA AVALIACIÓN POSITIVA

Terán en conta os criterios de avaliación e concretaranse no seguinte:

- Clasificación e trazos diferenciais das empresas.

- Teorías sobre o empresario.
- O contorno da empresa e a súa influencia.
- Dimensión e localización empresarial.
- Vantaxes e inconvenientes das PEMES.
- Clasificación e definición dos tributos e os seus conceptos básicos.
- As sociedades mercantís e mercantís especiais: anónima, limitada, cooperativa...
- A segmentación de mercados.
- O marketing-mix.
- Elaboración do balance de situación e da conta de perdas e ganancias.
- Cálculo e interpretación do fondo de manobra e dos principais ratios financeiros.
- Clasificación e características das fontes de financiamento.
- Valoración e selección de proxectos de investimento.
- O período medio de maduración.
- Clasificación e cálculo dos custos da empresa e da produtividade da mesma.
- Cálculo, representación e interpretación do punto morto.
- O modelo de Wilson.
- Elaboración de fichas de almacén segundo o FIFO e o PMP.
- Concepto de contrato de traballo, suspensión e extinción.
- Modalidades de contrato de traballo.
- Estrutura do salario.
- Principais escolas da organización do traballo.
- Principios organizativos e estruturas organizativas.
- A organización formal e informal.
- Elaboración dun proxecto de creación de empresas, planificando o proceso que é necesario levar a cabo e avaliar a súa posibilidade económica, integrando os distintos coñecementos da materia, aplicándoos con creatividade para abordar un proxecto de iniciativa empresarial. A planificación debe recoller, tanto os aspectos económicos e financeiros como as formalidades legais de constitución, anticipando os diversos recursos e trámites necesarios.

O alumnado deberá asistir a clase e participar nas actividades propostas mostrando unha actitude de respecto as compañeiros e á profesora e colaborando activamente no proceso de

aprendizaxe.

PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

A avaliación é un instrumento que nos permite coñecer a realidade educativa do alumnado. O seu obxecto principal é comprobar o grado en que se conseguiron os obxectivos marcados, e no caso de que se presenten desviacións respecto a eles, servirannos de ferramenta básica para introducir as medidas correctoras.

O sistema avaliativo terá carácter continuo. Farase unha inicial toma de contacto con tarefas sinxelas que nos permitan determinar o punto de partida da nosa intervención educativa. É necesario considerar, antes de emprender calquera actuación, as características, motivacións e coñecementos previos do alumnado.

A avaliación terá carácter formativo, sendo aplicada ó longo do desenvolvemento do curso e do proceso de ensino-aprendizaxe, mediante un seguimento exhaustivo das actividades realizadas, as actitudes e intereses mostrados polo alumnado, permitindo detectar o seu continuo progreso.

Finalmente, terá natureza sumativa, xa que ó finalizar o curso nos permitirá obter unha cualificación global en relación ó grado de consecución dos obxectivos iniciais por parte de cada alumno.

.- Procedemento de avaliación ordinaria

Entenderase que un alumno ou alumna obtén avaliación positiva cando acada un mínimo de 5 puntos ó remate do período ordinario.

.- Procedemento de avaliación extraordinaria

Para aqueles alumnos e alumnas que non acaden os mínimos esixibles para obter unha avaliación ordinaria positiva, haberá a opción de acudir a unha avaliación extraordinaria consistente nunha proba obxectiva nas datas que a tal fin sexan fixadas polo centro.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Para realizar unha adecuada intervención educativa, é necesario plantexar unha avaliación ampla e aberta á realidade das tarefas de aula e das características do alumnado, con especial atención ao tratamento da diversidade.

A avaliación debe apoiarse na recollida de información, por tanto é necesario determinar as características dos documentos ou rexistros esenciais utilizados para a observación sistemática e o seguimento do proceso de aprendizaxe do alumnado, entre eles subliñamos os seguintes:

- Ser moi variados, de modo que permitan avaliar os distintos tipos de capacidades e contidos curriculares e contrastar datos da avaliación dos mesmos aprendizaxes obtidas a través dos seus distintos instrumentos.
- Poder ser aplicados, algúns deles, tanto pola profesora como polos alumnos en situacións de autoavaliación e de coavaliación.
- Dar información concreta do que se pretende avaliar, sen introducir variables que distorsionen os datos que se obteñan coa súa aplicación.
- Utilizar distintos códigos (verbais, sexan orais ou escritos, gráficos, numéricos, audiovisuais, etc.) cando se trate de probas dirixidas ao alumnado, de modo que se adecúen ás distintas aptitudes e que o código non mediatice o contido que se pretende avaliar.
- Ser aplicables en situacións máis ou menos estruturadas da actividade escolar.
- Permitir avaliar a transferencia das aprendizaxes a contextos distintos daqueles nos que se adquiriron, comprobando así a súa funcionalidade.

Tódalas actividades desenvolvidas na aula son avaliábeis, así como tódolos procesos e esta mesma programación.

A continuación enumeramos algúns dos procedementos e instrumentos que se poden empregar para avaliar o proceso de aprendizaxe:

- Observación sistemática

- Observación directa do traballo, comportamento e actitude na aula, sala de ordenadores, biblioteca, visita didáctica ou calquera outra situación.
- Revisión dos cadernos de clase e do traballo noutros soportes como presentacións dixitais ou na web do instituto.
- Rexistro anecdótico persoal para cada un dos alumnos.
 - Analizar as producións dos alumnos
- Caderno de clase.
- Resumos.
- Actividades en clase (problemas, exercicios, respostas a preguntas, etc.).
- Producións escritas en diversos soportes así como utilizando programas e recursos específicos como procesadores de texto, presentacións,...
- Traballos monográficos.
- Memorias de investigación.
 - Avaliar as exposicións orais dos alumnos
- Debates.
- Postas en común.
- Diálogos.
- Role playing e simulacións.

- Realizar probas específicas

- Obxectivas.

- Abertas.

- Exposición dun tema, en grupo ou individualmente.

- Resolución de exercicios

- Autoavaliación

– Coavaliación

9. SISTEMAS DE CUALIFICACIÓN

Se cualificará en números enteiros de 0 a 10. Esta cualificación se obterá a partir da análise por parte da docente dos instrumentos de avaliación xa citados. En concreto:

-A asistencia, participación e evolución positiva na clase, que se analizan mediante a observación sistemática e a análise das producións do alumnado tanto oral como escrita ponderarán un 20% na cualificación final.

-Probas específicas. Estas se superarán cando o alumnado conteste correctamente como mínimo o 50% das cuestións plantexadas (5 puntos). Ponderarán un 80% na cualificación final, sendo necesario para a cualificación final positiva ter polo menos un 5 en cada unha das dúas clases de cualificación ponderables.

O número de probas específicas será variable, atendendo ao grado de dificultade e extensión dos

temas nos que se estrutura a materia, en xeral tratarase de facer unha proba ou control aproximadamente á metade do período de avaliación que ponderará con respecto o resultado das probas escritas un 33%, ao final de dito período farase outra proba global que ponderará o 67% restante para acadar a nota final das probas específicas escritas.

Será necesario, de calquera maneira, que se acade un 5 polo menos en todas e cada unha das probas e instrumentos avaliados así como en cada unha das tres avaliacións do curso.

Calquera actuación sospeitosa dos alumnos na realización das probas escritas ou orais relativa á utilización de materiais ou medios que supoñan un recurso externo, incluída a copia ou axuda dalgún compañeiro ou compañeira, suporá a avaliación negativa da convocatoria ordinaria en curso.

No caso de que o alumnado teña faltas de asistencia estas poderán restar ata 0,33 puntos cada unha en cada avaliación, se estas están xustificadas comezarán a diminuír a cualificación dende as 4 faltas.

Si durante as clases ou calquera outras actividades os alumnos son amoestados por unha falta de respecto cara aos compañeiros ou a profesora, ou por outra circunstancia como a negativa a realizar tarefas ou a acudir a actividades complementarias, o mal comportamento, a utilización do móbil sen autorización expresa... este apercibimento poderá supoñer, dependendo da súa gravidade a diminución de 1 punto ata o suspenso na avaliación correspondente.

Programa de recuperación:

- a) Da propia materia durante o curso

Ao alumnado que durante o curso non acadara unha cualificación de cinco puntos, facilitaráselles procedementos de recuperación das avaliacións parciais, por medio de probas obxectivas e/ou de actividades e exercicios periódicos segundo sexa o caso. Ao finalizar o terceiro trimestre farase unha proba final de recuperación.

- b) De materias pendentes doutros cursos

Plantexaranse plans de traballo individualizados para facilitar que o alumnado acade os obxectivos e mínimos esixibles, fixarase unha proba final en maio para verificar que os mesmos son conseguidos, podendo flexibilizarse mediante probas parciais ao longo do curso.

10. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

NIVEIS DE ACTUACIÓN NA ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Un suposto fundamental é atender ás necesidades educativas de todo o alumnado, pero este ten distinta formación, distintos intereses e distintas necesidades, por iso, a atención á diversidade debe converterse nun aspecto característico da práctica docente diaria. De partida, no bacharelato, xa que o alumnado procede da ESO, non debera haber tanta diferenza nos coñecementos de partida, aínda que isto non é así con frecuencia. A flexibilidade no horario do profesorado, a disposición de recursos educativos como son os multimedia, a división do alumnado en agrupamentos ou grupos máis reducidos, a detección dos problemas específicos de cada alumno, o apoio do resto do profesorado, equipo directivo e en especial do departamento de orientación, así como as propias características do alumnado serán os posibles límites, pero tamén os mellores aliados para poder acometer unha atención á diversidade efectiva.

A atención á diversidade ímola contemplar desde tres niveis: na programación de aula, na metodoloxía e nos materiais.

-Programación de aula:

A programación de aula ha de ter en conta tamén que non todos os alumnos adquiren ao mesmo tempo e coa mesma intensidade os contidos tratados. Por iso, debe estar deseñada de modo flexible e que asegure un nivel mínimo para todos os alumnos, dando oportunidades para recuperar os coñecementos non adquiridos.

No mesmo momento en que se inicia o proceso educativo, comezan a manifestarse as diferenzas entre os alumnos. A falta de comprensión dun contido pode ser debido, entre outras causas, a que os conceptos ou procedementos sexan demasiado difíciles para o nivel de desenvolvemento do

alumno, pode ser debido tamén, a que se avanza con demasiada rapidez e non dá tempo a realizar unha mínima comprensión, ou que o interese e a motivación do alumno sexan baixos.

A programación de aula debe ter en conta aqueles contidos nos cales os alumnos conseguen rendementos diferentes. Aínda que a práctica e a utilización de estratexias deben desempeñar un papel importante no traballo de todos os alumnos, o tipo de actividade concreta que se realice e os métodos que se utilicen variarán necesariamente de acordo cos diferentes grupos de alumnos, e o grado de complexidade e profundidade da comprensión que se acade non serán iguais en todos os grupos.

O profesorado debe axustar a axuda pedagóxica ás diferentes necesidades e facilitar recursos ou estratexias variados que respondan ás necesidades de cada un, e sobre todo, daqueles alumnos con necesidades educativas especiais permanentes.

Metodoloxía

A atención á diversidade, desde o punto de vista metodolóxico, debe estar presente en todo o proceso de aprendizaxe e levar ao docente a:

*Detectar os coñecementos previos dos alumnos ao empezar cada unidade. Aos alumnos nos que se detecte algunha lagoa nos seus coñecementos, débeseles propoñer un ensino compensatorio, no que debe desempeñar un papel importante o traballo en situacións concretas.

*Procurar que os contidos novos que se ensinan conecten cos coñecementos previos e sexan adecuados ao seu nivel cognitivo.

*Identificar os distintos ritmos de aprendizaxe dos alumnos e establecer as adaptacións correspondentes.

*Procurar que a comprensión do alumno de cada contido sexa suficiente para unha adecuada aplicación e para enlazar cos contidos que se relacionan con el.

A resposta educativa á diversidade, entendemos que ten como eixe fundamental o principio da individualización do ensino. O tratamento e a atención á diversidade realizámolo pedagoxicamente desde a formulación didáctica dos tipos de actividades.

Consideramos que o elemento do currículo que mellor materializa este tratamento é o correspondente aos distintos tipos de actividades. Considerámolas necesarias para espertar motivacións e intereses, constituíndo un medio excelente na nosa intervención didáctica mediante as correspondentes estratexias de aprendizaxe que suscitamos. Distinguiremos os seguintes tipos:

*Iniciais ou diagnósticas, imprescindibles para determinar os coñecementos previos do alumno e da alumna. Son esenciais para establecer a ponte didáctica entre o que coñecen os alumnos e alumnas e o que queremos que saiban, dominen e sexan capaces de aplicar, para acadar unha aprendizaxe significativa e funcional.

*Actividades de reforzo inmediato, concretan e relacionan os diversos contidos. Consolidan os coñecementos básicos que pretendemos acaden os nosos alumnos e alumnas, manexando reiteradamente os conceptos e utilizando as definicións operativas dos mesmos. Á súa vez, contextualizan os diversos contidos en situacións moi variadas. Suscítanse ao fío de cada contido.

*Actividades finais: avalían de forma diagnóstica e sumativa os coñecementos que pretendemos acaden os nosos alumnos e alumnas. Tamén serven para atender á diversidade do alumnado e os seus ritmos de aprendizaxe, dentro das distintas pautas posibles nun grupo-clase, e de acordo cos coñecementos e o desenvolvemento psicoevolutivo do alumnado desta etapa educativa. Suscítámolas ao final de cada unidade didáctica.

-Materiais

A selección dos materiais utilizados na aula ten tamén unha gran importancia á hora de atender ás diferenzas individuais no conxunto dos alumnado. Algúns das formulacións que deben recoller eses materiais concréntanse a continuación:

*Presentación de esquemas conceptuais ou visións panorámicas, co fin de relacionar os diferentes contidos entre si.

*Informacións complementarias como aclaración ou información suplementaria, ben para manter o interese dos alumnos e alumnas máis avantaxados, para insistir sobre determinados aspectos específicos, ou ben para facilitar a comprensión, asimilación ou maior facilidade de aprehensión de determinados conceptos.

*Formulación coherente, rico e variado de imaxes, ilustracións, cadros e gráficos que nos axudarán nas nosas intencións educativas.

*Propostas de diversos tratamentos didácticos: realización de resumos, esquemas, sínteses, redaccións, debates, traballos de simulación, etc., que nos axudan a que os alumnos e alumnas poidan captar o coñecemento de diversas formas.

*Materiais complementarios, que permiten atender á diversidade en función dos obxectivos que nos queiramos fixar para cada tipo de alumno. Outros materiais deben proporcionar aos alumnos toda unha ampla gama de distintas posibilidades de aprendizaxe.

11. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Dentro deste apartado, o Departamento programa distintas actividades como son:

*Excursión didáctica a Inditex e/ou a outra empresa de interese sendo avaliábeis outras alternativas como ir a Santiago de Compostela para asistir a un xuízo, visitar o Parlamento galego e/ou a TVG (en colaboración con outros departamentos), ou visitar outras institucións de interese.

*Participación en concursos e programas como *Young Business Talents* (simulador empresarial), o *Mellor Xornalista Xuvenil* (de La Voz de Galicia), e/ou calquera outros nos que o alumnado estea interesado en participar e teñan relación coa materia.

*Utilización dunha sesións cada semana da aula de ordenadores para, ademais de participar en xogos ou concursos de interese, facer exercicios de busca de información de actualidade, de test de coñecemento autoavaliábeis, de webquest... e de intervención en actividades de interese, como a utilización da aula virtual desta materia.

*Lecturas obrigatorias dos libros indicados no apartado de recursos educativos.

*Utilización un día á semana de La Voz de Galicia, dentro do programa Prensa na Escola impulsado por dito xornal.

*Proxección de documentais e películas relacionadas coa economía e as empresas en xeral.

*Conferencias e charlas sobre aspectos relacionados coa materia, ben na mesma aula ou fóra dela....

Este Departamento potenciará a participación activa do alumnado en conmemoracións, campañas ou calquera outro tipo de actividades propostas polo Centro, a autoridade educativa e/ou outras institucións como o día do Emprendedor, o día Mundial dos Dereitos do Consumidor, o día de Europa,...

12. TRATAMENTO DO FOMENTO DA LECTURA

Cada trimestre adicarase unha parte das correspondentes sesións á lectura comprensiva. O tempo adicado a esta actividade dependerá do grao de desenvolvemento das correspondentes unidades didácticas, e incluírá a lectura de prensa, fundamentalmente de noticias económicas de actualidade relacionadas cos temas tratados na aula, artigos recollidos en diferentes libros de texto, revistas de información económica, os libros, tanto de texto como de lectura aconsellados, e calquera outro material que se considere de interese.

13. TRATAMENTO DO FOMENTO DAS TIC

Obxectivos xerais:

- Potenciar a capacidade de razoamento do alumnado, a súa motivación e o seu afán de coñecemento.
- Espertar o interese por coñecer cousas diversas e lograr que utilicen as pautas adecuadas para chegar á información precisa.
- Utilizar o ordenador como medio de creación, de integración, de cooperación e extensión das propias ideas.
- Potenciar a comunicación cos seus semellantes.
- Utilizar programas e contornas que faciliten a súa aprendizaxe das diferentes áreas do Currículo, así como favorecer a adquisición de habilidades e destrezas.

Dende este Departamento potenciarase e facilitarase a aprendizaxe e o emprego das Tecnoloxías da Información e da Comunicación na realización de actividades específicas, presentacións de traballos do alumnado, participación en concursos e simulacións, busca de información en Internet, actividades específicas de portais educativos (INE, Agencia Tributaria, Banco de España...),

resolución de exercicios, elaboración e utilización dunha aula virtual, utilización de programas ,...

14. SISTEMA DE AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA E DA PRÁCTICA DOCENTE.

Para avaliar a eficacia da presente programación didáctica de cara aos posibles cambios en futuros cursos establécese, en primeiro lugar, e como xa se indicou en apartados anteriores, a necesidade de realizar unha proba inicial ao alumnado que reflecta o nivel dende onde se parte. Por outra parte, é conveniente levar un rexistro onde se recollan as incidencias detectadas ao longo do curso, a consecución dos obxectivos, o nivel alcanzado nos contidos, os resultados derivados da metodoloxía e materiais didácticos utilizados, o cumprimento da temporalización prevista, a porcentaxe de cualificacións positivas, o grado de satisfacción obtido no desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares planificadas, as opinións e suxestións dos alumnos e calquera outro aspecto que poida aportar dalgún xeito algunha mellora na actividade docente e/ou no proceso de aprendizaxe do alumnado.

Pódese utilizar unha táboa de apoio como a seguinte:

<i>CRITERIO</i>	<i>OBSERVACIÓNS</i>	<i>CONCLUSIÓNS</i>
OBXECTIVOS		
CONTIDOS		
TEMPORALIZACIÓN		
METODOLOXÍA RECURSOS DIDÁCTICOS	E	
AVALIACIÓN		

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES		
APORTACIONES A CONSIDERAR		